



Galego

Buscador



Utilidades

Login

Inicio

Institucional

Investigación

Actividades Académicas

Cultura

Alumnado

Deportes

Publicacións

Opinión

Axenda

Quiosco

Hemeroteca

Campus de Ourense

Campus de Pontevedra

Campus de Vigo

RSS

DUVI (2001-2007)

Caixa de queixas, suxestións e parabéns

Comezo

mércores 28 de febreiro de 2018

Con especial atención ás plantas que dispersan as sementes en froitos carnosos

Divulgare alerta no seu último vídeo dos problemas que a perda de grandes vertebrados xera nos ecosistemas



Duvi | Vigo

Máis de 320 especies de vertebrados terrestres extinguíronse nos últimos 600 anos e as poboacións de moitos outros atópanse nun proceso de diminución da súa abundancia, que afecta gravemente ao funcionamento dos ecosistemas. Co obxectivo de amosar o impacto que a perda dos grandes vertebrados, coñecidos co nome de megafauna, pode ter sobre outros organismos cos que estes animais interactúan, como é o caso das plantas que dispersan as súas sementes en froitos carnosos, o grupo Divulgare da Universidade de Vigo, estrea un novο vídeo, que se suma aos traballos

desenvolvidos polo grupo que dirixe Luis Navarro. "As perdas de megafauna non son gratuítas. Agora comezamos a entender as desastrosas consecuencias que a perda destes animais está provocando nos ecosistemas naturais", explica Navarro, que considera que, "cando se promociona a caza, incluso de organismos aos que a incultura e o descoñecemento ambiental máis profundo deu en denominar 'alimañas' estase a afectar intensamente ao funcionamento natural dos ecosistemas. Outra cousa é que algúns non o queiran ver, pero evidencias científicas existen e moitas", sinala.

Extinción de animais e plantas

A nova peza audiovisual do grupo Divulgare afonda no efecto negativo que para as plantas ten a extinción dos animais que exercen un tipo determinado de dispersión das súas sementes, que se atopan no interior de froitos carnosos. "Se se extingue o dispersor tamén se perde o tipo de dispersión de realizaba. Isto afectará ao tipo de planta, que ao non ser dispersada tenderá a desaparecer de maneira progresiva", explica Navarro, que sinala que está na man da especie humana evitar que se produzan este tipo de colapsos nos mecanismos de dispersión, que finalmente conducen a procesos de extinción en cadea irreversibles, para o que cómpre favorecer o mantemento de ecosistemas diversos que promover a heteroxeneidade nos mecanismos reprodutivos dos seres vivos.